

RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS PARA CONTACTOS ESTREITOS DE CASOS DE VARÍOLA DO MONO (MONKEYPOX)

Co fin de limitar a transmisión do virus Monkeypox (MPX) e diminuír o número contaxios toda persoa que teña coñecemento de ser contacto estreito dun caso do MPX debe seguir estas recomendacións preventivas de seguimento ata pasados 21 días do último contacto co caso:

- Realizar autocontrol da súa temperatura unha vez ao día.
- Non é necesaria a realización de corentena, pero deben extremar as precaucións e reducir todo lo posible las interaccións sociais. Isto inclúe a indicación de abstención de manter contactos sexuais durante o período de seguimento.
- Deberase usar de forma constante a máscara e evitar actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade con outras persoas (por exemplo, comer ou beber en presenza doutras persoas). No caso de NON poder facer un uso adecuado da máscara, recoméndelle o uso constante da mesma ás persoas que vaian estar con vostede.
- No caso de presentar febre o calquera outro síntoma compatible coa enfermidade¹, deberán illarse no domiciliario de inmediato, e contactar de forma urxente co responsable do seguimento que lle indicará as medidas a seguir.
- No caso de necesidade de xestionar unha incapacidade temporal deberá contactar co seu médico de familia. De empeorar os síntomas deberá chamar ao seu médico ou ao 061.
- Deberá estar localizable durante todo o período de seguimento.
- O procedemento concreto para realizar o seguimento seralle indicado pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

Medidas de control nos contactos estreitos con mascotas ao seu cargo

- Debe evitar todo contacto con mascotas e animais silvestres durante todo o período de seguimento. De non poder evitar este contacto, recoméndase levar máscara cirúrxica durante o mesmo e lavar as mans antes e despois de interactuar coas mascotas.
- No caso dos cans recoméndase sacalos ao exterior evitando o contacto con outros animais ata a finalización do período de seguimento.

¹ *Síntomas compatibles co virus MPX*: febre (>38,5°C), dor de cabeza intenso, dores musculares, cansazo e, máis tarde, lesións na pel.